

Informe sobre excepción ao límite máximo de altura de peche establecido no artigo 39 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (Concello de Trasmiras - Expediente XCP 23/026)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 21.04.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Núm. 2023/1216425) oficio do Concello de Trasmiras no que solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a posibilidade de autorizar unha altura excepcional de 2 metros de altura para o cerramento perimetral dunhas parcelas destinadas a unha futura actividade de cría de gando equino.

A consulta formúlase nos seguintes termos:

“(…)

Segundo o artigo 34.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de Solo de Galicia, ditas parcelas están clasificadas como Solo Rústico de Protección Agropecuaria, “o tratarse de terreos que foron obxecto de concentración parcelaria con resolución firme”. Neste caso, a Concentración Parcelaria de Trasmiras (Trasmiras-Ourense), declarada de utilidade pública por Decreto 318/1986 do 10 de abril (DOG núm. 219 de 10 de novembro de 1986) e que conseguiu fase administrativa de Acordo firme por resolución de data 4/10/1989.

A LSG indica a altura máxima para o cerrado en rústico de 1,5 m (art. 39.c). Sen excepción algunha.

Neste caso, preguntamos si sería razoable, por motivos xustificados de seguridade, elevar dita altura ata 2m, xa que segundo plántexa o solicitante, sería unha altura a que non chegaría saltando os cabalos. Cabe resaltar a proximidade de ditas parcelas a N-525 e A-52”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Trasmiras foi aprobado definitivamente por Orde do 08.01.2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 23 do 01.02.2019 e no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* núm. 130 do 08.06.2019.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece o seguinte:

“1. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte ás seguintes regras:

(…)

d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo”.



En consecuencia, ao solo rústico de Trasmiras aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).

TERCEIRA.- O artigo 39 da LSG, relativo as condicións de edificación en solo rústico, dispón no seu apartado c) que *"os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen"*.

Este apartado foi desenvolvido polo artigo 60.3 do RLSG que establece o seguinte:

"3.- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder de 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio en que se sitúen. As características concretas de revestimento, pintado ou outras condicións esixibles serán determinadas no planeamento respectivo.

Os peches realizados con material opaco poderán realizarse con materiais tradicionais do medio en que se sitúen.

Para estes efectos, os cerramentos e valados poderán ser vexetais, polo que o seu efecto estético e a súa acción positiva en relación co medio natural ao servir de refuxio a fauna silvestre, procurando o uso de especies arbustivas autóctonas".

Os preceptos apuntados, como se observa, limitan a altura dos cerramentos de fábrica a 1,5 metros, pero non establecen ningunha previsión respecto da posibilidade de superar o dito límite mediante outro tipo de cerramentos.

CUARTA.- Tal e como se indicou anteriormente, o artigo 60.3 do RLSG remite ao planeamento respectivo en canto á determinación das *"características concretas de revestimento, pintado ou outras condicións esixibles"*, polo que procede analizar o establecido para estes efectos no PXOM de Trasmiras.

A normativa do PXOM de Trasmiras regula os peches no solo rústico no apartado 7 da Ordenanza do solo rústico, recollida no seu artigo 267.

Este precepto límitase a establecer, por unha banda, que os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais e, por outra, que en todo caso deberán realizarse con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, no permitíndose o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados na forma que regulamentariamente se determine.

Polo tanto, o planeamento municipal non contén ningunha previsión acerca das condicións que deben cumprir os peches que non sexan construídos con cerramentos de fábrica.

QUINTA.- Para concluír e en conexión co anterior, o Plan Básico Autonómico, aprobado polo *Decreto 83/2018, do 27 de agosto* (en adiante, PBA) establece no seu artigo 8 que este instrumento terá carácter complementario do planeamento urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista.

En virtude deste carácter complementario, será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

Se ben é certo que no solo rústico se aplica directamente o réxime da LSG e do seu regulamento, cómpre ter en conta, tal e como se indicou anteriormente, que neste suposto o artigo 60.3 do RLSG efectúa unha remisión expresa ao previsto no planeamento urbanístico e o PXOM de Trasmiras non contén ningunha previsión ao respecto, polo que pode aplicarse complementariamente o establecido no PBA.

Especificamente, o artigo 38.2 do PBA, ubicado sistematicamente no Título III ("Condicións xerais da edificación") refírese á altura dos peches nos seguintes termos:



"2.- A altura máxima dos peches con material opaco será de 1,50 metros. Por riba de esta altura o peche será vexetal ou tipo malla metálica ou de canizo ata unha altura máxima de 2,50 metros. No caso de parcelas en pendente, permitiranse manter puntualmente a mesma altura en tramos horizontais non superiores a dous metros".

Estas condicións, tal e como prevé o artigo 29 do PBA, "... resultan de aplicación con independencia da clase de solo na que se asente a edificación, agás que se precise o contrario nas ordenanzas tipo e sen prexuízo da normativa de carácter sectorial que sexa de aplicación".

Pola súa banda, a Ordenanza de protección do solo rústico do PBA, recollida nos artigos 230 a 233 do mesmo, en canto as condicións de edificación neste tipo de solo remite a regulación do solo rústico da LSG e do RLSG, pero non exclúe expresamente a aplicación ao solo rústico das condicións de edificación dos peches establecidas no artigo 38 citado.

Á vista do anteriormente exposto, poden extraerse as seguintes consideracións:

-O límite de altura de 1,5 metros previsto nos artigos 39.c) da LSG e 60.3 do RLSG se refire refírese unicamente aos cerramentos de fábrica.

-O artigo 60.3 do RLSG remite ao planeamento respectivo a determinación das "características concretas de revestimento, pintado ou outras condicións esixibles" dos cerramentos.

-O PXOM de Trasmiras non establece ningunha previsión sobre as condicións que deben reunir outro tipo de peches diferentes aos de material opaco de fábrica.

-O PBA, que ten carácter complementario dos instrumentos de planeamento nos termos apuntados, permite superar a altura máxima de 1,50 metros sempre que se trate de peches vexetais ou tipo malla metálica ou de canizo ata unha altura máxima de 2,50 metros.

Polo exposto, no suposto ao que se refire a consulta, pode aplicarse con carácter complementario o artigo 38 do PBA e, en consecuencia, será posible elevar a altura do peche ata os 2,50 metros nos termos indicados no referido precepto.

En todo caso e sen prexuízo do anterior, a competencia para a execución do planeamento se configura como unha función suxeita ao control municipal, segundo os artigos 94.1 da LSG e 219.1 do RLSG, polo que debe ser o concello quen interprete e determine en cada caso concreto si se producen lagoas ou indeterminacións que deben ser complementadas acudindo á regulación prevista no PBA ou, no caso de que non existan, aplicar directamente o previsto no seu planeamento urbanístico.

CONCLUSIÓN

No solo rústico aplícase directamente o réxime da LSG e do seu regulamento e o artigo 60.3 do RLSG efectúa unha remisión expresa ao previsto no planeamento urbanístico sen que o PXOM de Trasmiras conteña ningunha previsión ao respecto, polo que pode aplicarse complementariamente o establecido no PBA.

En consecuencia, no solo rústico do Concello de Trasmirás, en aplicación do artigo 38 do PBA, permítese elevar a altura do peche ata un máximo de 2,50 metros sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que o peche realizado con material opaco teña unha altura máxima de 1,50 metros.
- Que por riba desta altura, o peche sexa vexetal ou tipo malla metálica ou de canizo.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

